

EXTRACTOS DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 2 DE OUTUBRO DE 2017.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. EVA MARÍA CASAL SANJURJO.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS NÚM. 39 e NÚM. 40 DAS SESIÓNS DE 20 DE SETEMBRO DE 2017 E 27 DE SETEMBRO DE 2017.

Aprobanse as actas das sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local núms. 39/2017 e 40/2017 dos días 20 de setembro de 2017 e 27 de setembro de 2017.

2.- EXPEDIENTE 4456/2017. SOLICITUDE DE REINTEGRO DE PAGO POR RENOVACIÓN DE CERTIFICADO DIXITAL.

Acordouse reintegrar a unha traballadora municipal o importe de

16,94 euros polo pago realizado ao seu cargo por renovación do certificado dixital do Concello de Lalín ao seu nome.

3.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4499/2017. SOLICITUDE CONSULTA EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO SANCIONADOR 5343/2017.

Acordouse autorizar o acceso e copia do expediente administrativo sancionador 5343/2017.

4.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4498/2017. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA PODER UTILIZAR A AULA CEMIT.

Acordouse autorizar o uso da Aula Cemit os días 16, 17, 19, 20 e 23 de outubro en horario de 16:00 horas ás 20:00 horas para a realización dun curso de informática dirixido a persoas en situación de desemprego.

5.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4497/2017. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA O USO DO SALÓN DE ACTOS DA BIBLIOTECA MUNICIPAL.

Acordouse autorizar o uso do Salón de actos da Biblioteca Municipal, para os días 25, 26 e 27 de outubro de de 2017 en horario de 9:00 horas ás 14:00 horas, o venres día 10 de novembro de 2017 en horario de 16:00 horas ás 21:00 horas e o sábado día 11 de novembro de 2017 en horario de 9:00 horas ás 14:00 horas con motivo da celebración de dúas accións formativas.

6.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4496/2017. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA USO DO MUSEO MUNICIPAL.

Quedou pendente para un mellor estudo.

7.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4489/2017. EXPEDIENTE PARA AMPLIAR O PRAZO DE ENTREGA DE VALES BOLSAS ESCOLARIZACIÓN.

Acordouse modificar a base décimo quinta punto cinco das bases para a concesión de bolsas complementarias ao estudo para o curso 2017/2018 e ampliar o prazo de entrega de vales ata o día 30 de novembro do ano en curso.

8.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4473/2017. CONTRATO MENOR DE SERVIZOS.

Acordouse Autorizar e comprometer un gasto por importe de 6.500 € (IVE incluído), con destino ao servizo de organización e desenvolvemento do Encontro de bolgueiros/as “Outono 2.0 en Lalín” dentro do Proxecto de Promoción Turística do Concello de Lalín.

9.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4467/2017. TRASPASO SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN CONSERVATORIOS DE CONCELLO A PADROADO.

Acordouse transferir a ó Padroado Cultural de Lalín a axuda económica concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra ó abeiro do Plan de Obras e Servizos Municipais (Plan Concellos 2016) línea 3.

10.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4423/2017. AIS CONCELLO.

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para unha persoa solicitante.

11.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:

EXPEDIENTE 4287/2017. AIS CONCELLO.

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para unha persoa solicitante.

12.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4106/2017. AIS CONCELLO.

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos sanitarios non cubertos polo sistema público de saúde e gastos de primeira necesidade para unha persoa solicitante.

13.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4057/2017. AIS CONCELLO.

Acordouse aprobar a concesión da Axuda de Inclusión Social en orde a sufragar os gastos causados por actuacións complementarias de acompañamento: cumprimento de auto xudicial no que se recaba o auxilio de Servizos Sociais municipais.

14.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3985/2017. LICENZA DE OBRA.

Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para ampliación en explotación para cebo de becerros, na pacela con referencia catastral de rústica polígono 121 e parcelas 260 e 261 preto do lugar de Rodelas, na parroquia de Maceira-Lalín (exp. 3985/2017).

15.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3895/2017. LICENZA URBANÍSTICA DE OBRAS MAIORES.

Acordouse CONCEDER A MODIFICACIÓN SOLICITADA DA LICENZA DE OBRA E ACORDAR A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE para

instalación de cebadeiro de porcino, nunha parcela que corresponde coas referencia catastral de rústica nº 36024A140000320000BY, no paraxe de as Queimadas, parroquia de Muimenta-Lalín (exp. 3895/2017).

16.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3855/2017. LICENZA URBANÍSTICA DE OBRAS MAIORES.

Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para ampliación de explotación de vacún, situada nunha parcela con referencias catastrais 4830412NH7343S0001UT, 4830414NH7343S0001WT e 4830402NH7343S0001DT no lugar de Cangas - Lalín (exp. 3855/2017).

17.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2794. PLAN MARCO 2017/2018.

Dáse conta do escrito remitido pola Consellería do Medio Rural-Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, núm de expediente:PM2017-214, Título: Mellora de camiño en Pareizo (Goiás)-Promotor Concello de Lalín, no que comunican a concesión dunha subvención ao Concello de Lalín por importe de 100.046,61 €.

18.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2382/2017. LICENZA DE OBRA.

Acordouse corrixir o erro material no informe técnico de data do 24 de agosto de 2017, que foi transcrito no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 4 de setembro de 2017 (exp. 2382/2017).

19.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 141/2017. RECONOCIMIENTO Y ABONO DE (BIENIOS/TRIENIOS/ETC.,) A PERSONAL LABORAL DEL AYUNTAMIENTO.

Acordouse recoñecer servizos prestados a dous traballadores municipais.

20.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4525/2017. PROPOSTA ENIL CASAS VELLAS.

Acordouse informar negativamente as alegacións, xa que propoñen cambios substanciais no documento presentado e Solicitar á Xunta de Galicia que resolva o dito expediente, procedendo á declaración definitiva do ENIL conforme ao documento presentado e desestimando as alegacións arriba indicadas.

21.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4336/2017. DACIÓN DE CONTA DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS VARIAS NOS LOCAIS SOCIAIS DE NOCEDA E A XESTA. PLAN CONCELLOS 2017. LIÑA 1.

Deuse conta do escrito remitido pola Deputación de Pontevedra, de data 28 de setembro de 2017, número de rexistro de entrada 7759, co que achega Resolución Presidencial, concedendo ao Concello de Lalín a cantidade de 54.864,96 euros con destino ó financiamento do investimento “*ACTUACIÓNS VARIAS NOS LOCAIS SOCIAIS DE NOCEDA E XESTA*”.

22.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4483/2017. DACIÓN DE CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA REPOSICIÓN DE CUBERTA NO MUSEO MUNICIPAL RAMÓN MARÍA ALLER. PLAN CONCELLOS 2017. LIÑA 1.

Deuse conta do escrito remitido pola Deputación de Pontevedra, de data 29 de setembro de 2017, número de rexistro de entrada 7792, co que achega Resolución Presidencial, concedendo ao Concello de Lalín a cantidade de 45.710,48 euros con destino ó financiamento do investimento “*REPOSICIÓN DE CUBERTA NO MUSEO MUNICIPAL RAMÓN MARÍA ALLER*”.

23.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4527/2017. PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (CASCO ZONA RURAL).

Acordouse Autorizar o gasto por importe máximo de 3.995,42 EUROS (IVE incluído) con cargo á partida número 1363 destinado a contratación do servizo de desbroce preventivo de xeito mecanizado.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:45 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.